SNEP
Sindicato Nacional de Ensino Privado de Galicia

Verbas claras

Boletín informativo nº 21 (31/03/2025) de SNEP de Galicia
604030807/604913897 snepdegalicia@gmail.com

ESCOLAS INFANTÍS...

A POLO CONVENIO GALEGO!

A afiliación de SNEP falou; **A POLO CONVENIO GALEGO!**

Somos moi conscientes das dificultades; hai que conseguir que haxa unha patronal disposta a constituírse como tal e a sentarse coas OOSS a negociar un convenio galego, e despois conseguir unha maioría sindical que queira negociar ese convenio (isto consideramos que é moito máis doado).

Somos conscientes que esa previsible patronal non vai querer ceder máis alá do que teñen no convenio estatal, vailles moi ben, pero a situación das persoas traballadoras esixe que o pelexemos e iso imos facer. A CIG, organización impulsora deste previsible futuro convenio, CCOO, que, coas súas reservas, pero que estamos convencidos de que non se negaría a unha negociación se se dan as circunstancias, e SNEP de Galicia, temos unha maioría sindical moi ampla e con lexitimidade para sentarnos a negociar; polo tanto, SNEP de Galicia ponse desde xa a traballar para que esta posibilidade sexa unha realidade o antes posible.

Despois de asinado o infame e noxento convenio estatal, as persoas traballadoras necesitan unha esperanza, necesitan ver que tras anos de esforzo e de loita non quedan aparcadas, que non nos esquencemos delas e que estaremos aí mentras elas así o queiran.

Pero tampouco nos esquenceremos do convenio estatal, hai que combatelo, ninguén merece tal aldraxe. E si, pedirémosvos esforzos adicionais para que cada vez máis compañeiras e compañeiros das escolas infantís se sumen a esta loita, e que, cada vez, máis OOSS decidan que xa está ben e que a hora da dignificación xa está a tardar. Como di o noso himno, "os tempos son chegados…"

E dicía o Che Guevara " A única loita que se perde é a que se abandona"

POR UN CONVENIO DIGNO

POLO EMPREGO:

TRABALLO E DIGNIDADE